

# **Addenda ao proxecto de dinamización lingüística**

## **IES XOGRAR AFONSO GOMEZ**

### **Curso 2023-2024**

Preténdese manter e poñer en práctica na medida do posible os obxectivos do departamento de dinamización lingüística. Mellorar a competencia do alumnado e incentivar un maior uso da lingua galega, dentro e fóra do centro, eliminando prexuízos e elevando a autoestima do seu uso é tarefa primordial.

As actividades propostas no curso pasado foron realizadas na súa maioría. Se temos que facer unha valoración global, esta é moi positiva.

Celebráronse datas significativas como o Día da Radio, a semana do Samaín, o 25N, o Día de Rosalía, a semana das Letras Galegas...

Participouse, xunto co resto de centros da comarca de Sarria, no Día da Poesía.

Levou a cabo un concurso de oratoria improvisada, no que participou o alumnado de todo o centro. Os finalistas participaron xunto co alumnado do IES Río Cabe e do IES Martaguisela do Barco de Valdeorras nunha emocionante e entretida final que se celebrou no IES Río Cabe de Monforte de Lemos.

Asistiuse de novo ao Correlingua.

Tamén levamos a cabo o proxecto “Música Galega. Ponlle a orella!”, que pretendeu achegar aos máis novos a música galega, tras apreciar que é moi descoñecida por eles, e abrangueu dende as cantigas de Santa María ata os ritmos máis modernos, pasando pola música popular, o folk e o rock feitos en galego. Este proxecto foi acompañado de dúas charlas sobre a música galega: a primeira, unha introdución e a segunda, un obradoiro de percusión tradicional galega.

O EDLG, en colaboración con outros departamentos, participou ao longo do curso nas celebracións dirixidas a todo o alumnado e profesorado do centro: Magosto, Nadal, Día das Bibliotecas, Día do Libro, 25N, especial Día da Radio, 8M e un longo etcétera. Do mesmo xeito, colaborouse co Equipo da Biblioteca para animar a lectura en lingua galega e fomentar o gusto por esta.

No curso actual trataremos de volver a realizar actividades que por causa da pandemia non se puideron levar a cabo (viaxes, asistencia a obras de teatro, visita a museos...).

Dividiremos as actividades do curso actual en dous bloques:

**ACTIVIDADES XERAIS:** ( desenvolvidas ao longo de todo o curso )

- Continuar animando o profesorado a utilizar o galego como lingua vehicular na relación entre eles/as, co persoal non docente, cos/coas alumnos/as e as súas familias.
- Axudarlles aos membros do centro a resolver calquera dúbida relacionada co uso do idioma e facilitarlles o material necesario.
- Solicitar libros, revistas ou material audiovisual para a biblioteca coa finalidade de aumentar o material publicado en galego.
- Recoller calquera información ou novidade relacionada coa normalización da nosa lingua e expoñela no taboleiro.
- Animar o alumnado a valorar e traballar sobre a realidade do seu contorno participando en traballos de investigación, recollida de léxico...
- Colaborar nas actividades propostas por outras institucións e/ou centros da contorna que sexan consideradas axeitadas para a difusión/normalización da nosa lingua.

**ACTIVIDADES PUNTUAIS** (Neste punto, englobanse aquelas actividades que se van desenvolver ao longo dun determinado espazo de tempo).

- **Realización de solicitudes de publicacións** a distintas institucións e organismos para dotar ao centro de fondos de sociolingüística galega.

- **Participar en iniciativas programadas por diferentes institucións ou organismos**, ou polo propio centro, que teñan como finalidade o uso e promoción da lingua, literatura e cultura galegas. (Correlingua, exposicións, concursos...).

- **A semana das Letras Galegas:** inclúense aquí aquelas actividades que recollan as máis diversas expresións artísticas: elaboración de textos de creación literaria tanto por parte de alumnos/as como profesores/as, audición de música en galego, visualización de documentais e películas en galego, ao redor da figura literaria ao que lle dedica o Día das Letras Galega ou á realidade social que o rodeou.

- **Obradoiros e concursos:** durante o curso escolar desenvolveranse concursos literarios dirixidos a todo o alumnado que, dependendo da data e temática, serán realizados en colaboración con outros departamentos, co obxectivo de estimular a creación literaria e audiovisual empregando a lingua galega. Concurso de vídeos de terror polo día de Samaín; concurso de poesía... Do mesmo

xeito tentaremos realizar obradoiros ou charlas de temática diversa (obradoiro de regueifas, de banda deseñada, lusofonía...).

- **Saídas didácticas e visitas:** englobanse aquí saídas didácticas, visitas culturais, roteiros literarios, obras de teatro, exposicións..... así como as realizadas no propio centro.
- **Actividades conmemorativas** de datas sinaladas no calendario escolar que contribúan aos fins sinalados no proxecto de potenciación da lingua galega, como poden ser: Samaín, Nadal, Entroido, Día de Rosalía, Día da Paz, Día da Poesía, Día da Ciencia, Día contra a violencia de xénero, etc.
- **Decoración do taboleiro de Dinamización**, que iremos adaptando ás distintas festas e celebracións do ano. Nel tamén incluiremos **novas** que vaian xurdindo en relación coa lingua e a cultura galegas. Publicitaremos asimismo as convocatorias de **concursos** que saian, animando o alumnado á súa participación.
- **Colaboración** coas actividades propostas pola **Biblioteca** do centro.

Sarria, a 19 de setembro de 2023

M<sup>a</sup> do Carme García Conde

Coordinadora do EDLG